

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Eduardo Blanco Amor, a Luís Seoane do 03/02/1971

Colección:

Data: 03/02/1971

De:

Eduardo Blanco Amor;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Barcelona (local), Barcelona (provincial), Cataluña (de comunidade autónoma)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada con firma autógrafa e correccións manuscritas]

Mencionados:

Xosé María Álvarez Blázquez; Francisco Fernández del Riego; Basilio Losada; Sebastián Martínez-Risco y Macías; Ricardo Palmás; Ricard Salvat i Ferré; Maruxa Seoane; Xohana Torres; Lorenzo Varela;

Transcripción da epistola de Eduardo Blanco Amor, a Luís Seoane do 03/02/1971

Barcelona, 3 de febreiro de 1971

Moi querido Luis:

Chégame eiquí tu [sic] carta do 2 de xaneiro. Ya [sic] antes me tiña dado os cartos, 5.800 pesetas, o amigo Palmás ó que me atopei casualmente nunha rua do barrio gótico. Agardézoche moito ise envío (do teu peto particular, naturalmente) como cancelación xenerosa duns dereitos de autor que non figuraban en ningún contrato, esa é a verdade. Deus cho paguiño que me viñeron moi ben pra quedar eiquí un pouco mais, capeando o rexo inverno de Ourense, que non me vai ben pra saúde. Xa falaremos do penoso asunto, do magoante e porco asunto, do Premio que coasi me leva a outro episodio cardíaco, tan a fondo me fireu. Alivia a miña concencia o feito de que non foi miña a culpa sino de quén, cegado polos cartos, coma decote, coasi fixo custión de fidelidade amistosa o que eu me presentase ou non. A aló foi a novela núa coma unha Susana diante dos vellos, duns vellos nin xiquera verdes.

Asegún as marcas que eu puxen nos orixinaes e copias, lérona dous. Pódia que a novela da Xoana –que se portou pésimamente no caso, anunciando a berros, dende dous meses antes, que o premio era seu– sexa un segundo Quixote, mais non terá nunca a significación lingüística, literaria e, si cadra involuntariamente, social que a miña tería que haber acadado dun xurado culto e galego. Pra min os treidores a iste orde de cousas –explicadas ademais nun longo prólogo– son os dous únicos que pra min sinificaban unha garantía: Alvarez Blázquez e [o] filólogo grego. Dos outros tres, sabía dabondo que eran: unha estoa, un reacionario e un cacique: Sebastián Risco... Polo visto, todo se armou dende eí. Tratábase de conseguir unha novela de venta (claro, Adiós, María) pra “lanzar” á Editorial Castrelos versus Galaxia, con algo que non fosen reediciós, e publicitado por un premio economicamente insólito; un nome de muller non viría mal. A xestión pra conquistar os cartos do premio foi agardada con ese nomeamento de “Académico correspondente” a ise avolto persoaxe que está coroando tristemente o fin e remate da coleitividade galega de Bs. Aires. Eso se dixo...

Tamén me fun quedando eiquí porque o excelente Ricard Salvat encarregoume do asesoramento de El caballero de Olmedo que está a montar pra Compañía Nacional. Estamos traballando arreo e coido que con porveito. Estarei eiquí até fin deste mes.

Esquecíame. A miña novela (Xente ao lonxe) salvouse do meu primeiro pulo que foi botala de noite ó Orzán. Tróuxena eiquí pra que o Basilio me aconsellase, e foi íl quen a salvou.(Mandeilla onte ó Paco del Riego). Tanto il coma o Salvat e mais a min, gostóunos moito a túa nova aventura. Non te cansas, ogallá non te canses nunca. Cantas veces o exempro da túa vountade, da túa xenial laboriosidade, do teu talento posto ó servicio de Galicia, me sostivo a min, tan propenso a deixarme cair... Vinde pronto; decote facedes falla eiquí entre nós. Sin querer, estamos refacendo o eisilio; fáltanos o grande Lorenzo Varela...

Agarimos pra Maruxa e unha gran aperta.

Eduardo

[Manuscrita:] Teño “a vaga idea” de terche xa contestado ista carta. Ando moi atafegado coisto da colaboración con Salvat, e pode que se me formase unha confusión. Mais, por si escaso, eí vai esta outra.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.